

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A PROMOCIÓN E O FOMENTO DO DEPORTE NO CONCELLO DA CORUÑA 2018

1. Normativa aplicable

1.1. De conformidade coas competencias que lle atribúe a este concello o artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e en aplicación do artigo 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, convócanse subvencións destinadas á promoción e o fomento do deporte no Concello da Coruña durante o ano 2018 (entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro).

1.2. A presente convocatoria rexerese polas bases reguladoras e polas normas contidas na Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, aprobada polo Pleno do Concello na sesión do 11 de abril de 2005, cuxo texto íntegro está publicado no Boletín Oficial da Provincia do 25 de abril de 2005.

1.3. Así mesmo, na tramitación do gasto derivado desta convocatoria específica, terase en conta o que establece a base 10.2b e a base 11 das Bases de execución do orzamento municipal do exercicio 2018.

1.4. As bases estarán á disposición das entidades interesadas na sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gob.es>) e na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.infosubvenciones.es>).

2. Obxecto

O obxecto desta convocatoria é a concesión de axudas económicas co fin de fomentar e promocionar a práctica deportiva no termo municipal durante o ano 2018. As actividades clasifícanse para os efectos desta convocatoria nestes tipos:

1. Programas de Actividade Deportiva: Segundo a Lei 3/2012, do 3 de abril, de deporte de Galicia (en diante LDG), considérase actividade deportiva o exercicio físico regulado, cuxo principal obxectivo é a participación e/ou consecución dun resultado deportivo en competicións desenvolvidas no ámbito federativo ou nas competicións recoñecidas pola administración deportiva autonómica.

1.1. Aquelas entidades que reciben axuda directa municipal, e que por motivo dos seus resultados deportivos amplíen o seu calendario de competicións en categorías de formación, con campionatos de España e/ou fases de intersectores clasificatorios para eles, poderán solicitar subvencións neste apartado para esas situacións concretas e non para as súas competicións ordinarias.

2. Programas de Actividade Física: Segundo a LDG, considérase actividade física o exercicio físico desenvolvido co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de lecer, e de favorecer o desenvolvemento integral da persoa.

3. Deporte para todos: Promoción do deporte en sectores sociais especiais por razóns de idade, condición física ou psíquica ou situación persoal.

4. Deporte autóctono e na natureza: Promoción dos deportes tradicionais e autóctonos galegos. Expedicións de montaña e noutras actividades na natureza.

5. Organización de actividades deportivas de carácter extraordinario.

Poderá solicitarse subvención para unha ou varias actividades nunha única solicitude. Neste caso, a entidade interesada deberá indicar cada actividade de forma independente e por orde preferente, mentres o Concello poderá optar por unha ou varias delas. Neste suposto presentará unha memoria e un orzamento de ingresos e gastos para cada unha delas.

3. Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade obxecto da subvención, como gastos do persoal directamente afectado ao cumprimento da

finalidade subvencionada (técnicos, deportistas, médicos e outros), equipamento deportivo, desprazamentos (viaxes, aloxamentos e manutención), gastos de actividade federativa (licenzas, arbitrxes, canons ou cotas de participación), incluíndose os gastos do equipo sénior, cartelería, dísticos e trípticos, subministracións e servizos efectuados por provedores, etc. **En todo caso, debe acreditarse fidedignamente no correspondente xustificante de gasto que está directamente relacionado coa actividade.** Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado. Ademais, a entidade beneficiaria non poderá contratar servizos ou subministracións con persoas ou entidades vinculadas (de acordo co establecido no artigo 68.2 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións) co primeiro, agás que concorran as seguintes circunstancias:

- Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.
- Que se obteña logo de que o órgano concedente o autorice do seguinte modo:
 - o Solicitud por parte da entidade interesada con carácter previo á execución da actividade subvencionada.
 - o Acordo do órgano concedente, anterior á execución da actividade subvencionada, estipulando terceiro/s co que se contratará e o/os servizos/s que se recibe/n.

Poderase subcontratar até o 50% da actividade subvencionada. Con todo, o réxime de subcontratación estará suxeito aos seguintes límites:

- No caso de subcontratacións, os supostos previstos nos apartados a), b), c) e e) do artigo 29.7 da LGS, non se admitirá a subcontratación en ningún caso.
- No caso de subcontratacións con entidades que non sexan vinculadas, para supostos distintos ao apartado anterior e a subcontratación supere o 50% establecido nesta cláusula, admitirse como gasto subvencionable só até o 50% do gasto que finalmente se considere subvencionable e sempre que non se incremente a subcontratación ou o custo da actividade subvencionada, agás que este incremento supoña un valor engadido á actividade, que deberá ser acreditado. No caso de que a subcontratación supere o 20% do importe da subvención e exceda de 60.000,00 euros, é preciso que o órgano que concede a subvención autorice o gasto previamente e que se formalice por escrito.
- No caso de subcontratacións con entidades vinculadas, deben observarse os requisitos previstos nos apartados precedentes e ser obxecto a subcontratación de autorización expresa polo órgano concedente da subvención e sempre que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da entidade beneficiaria. Considerarase que existe vinculación por parte da entidade beneficiaria con aquelas persoas físicas ou xurídicas ou agrupacións sen personalidade nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:
 - Persoas físicas unidas por relación conxugal ou persoas ligadas con análoga relación de afectividade, parentesco de consanguinidade até o cuarto grao ou de afinidade até o segundo.
 - As persoas físicas e xurídicas que teñan unha relación laboral retribuída mediante pagamentos periódicos.
 - Ser membros asociados da entidade beneficiaria a que se refire o apartado 2 e membros ou partícipes das entidades sen personalidade xurídica a que se refire o apartado 3 do artigo 11 da Lei xeral de subvencións.
 - As persoas xurídicas ou agrupacións sen personalidade e os seus representantes legais, patróns ou quen exerza a súa administración, así como os cónxuxes ou persoas ligadas con análoga relación de afectividade e familiares até o cuarto grao de consanguinidade ou de afinidade até o segundo.
 - As persoas xurídicas ou agrupacións sen personalidade e as persoas físicas, xurídicas ou agrupacións sen personalidade que conforme a normas legais, estatutarias ou acordos contractuais teñan dereito a participar en máis dun 50 por cento no beneficio das primeiras.

Non obstante o sinalado nos apartados anteriores, naqueles casos nos que o importe subcontratado supoña unha porcentaxe significativa do conxunto do gasto avaliarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprimento do fin para o que se concedeu a subvención.

En relación cos gastos indirectos ou cos gastos xerais da entidade beneficiaria, serán subvencionables en función dos seguintes criterios:

- a) No caso de que se financien actividades xerais, serán subvencionables ao 100% e debe xustificarse o gasto co correspondente xustificante e a acreditación do seu pagamento efectivo.
- b) No caso de que se financien actividades ou proxectos concretos da entidade, poderase imputar á conta xustificativa, gastos xerais da entidade até un 20% do orzamento da actividade presentado coa solicitude, acreditándoos cos correspondentes xustificantes de gasto e a acreditación do seu pagamento efectivo.
- c) Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos; só serán subvencionables no caso de que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución.

De acordo co establecido no artigo 31.3 da Lei xeral de subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa vixente de contratación pública, para o contrato menor (15.000,00 euros, sen IVE incluído), a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou fornezan, ou agás que o gasto se realizou con anterioridade á subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa

Son gastos non subvencionables aqueles relativos aos investimentos en bens inventariables, e todos aqueles incompatibles coa natureza do crédito orzamentario. En ningún caso serán gastos subvencionables:

- Os xuros debedores das contas bancarias.
- Xuros, recargas e sancións administrativas.
- Os gastos de procedementos xudiciais.
- Os impostos indirectos cando son susceptibles de recuperación ou de compensación.

Así mesmo, non poderán ser obxecto de subvención aqueles gastos que non se axusten aos conceptos recollidos nos apartados anteriores nin se correspondan co período fixado nesta convocatoria.

4. Crédito orzamentario

O importe global das subvencións é de CENTO VINTE MIL EUROS (120.000,00 €), gasto imputable á aplicación orzamentaria 50.341.48900.

O crédito orzamentario é o límite do importe das axudas que se poidan conceder.

5. Distribución global entre tipos de actividades

O importe global distribuirase, sempre que as solicitudes presentadas o permitan, cos seguintes límites máximos:

- 1) Programas de Actividade Deportiva: até o 36%.
 - a) Desta porcentaxe destinarase até un 6% ás entidades que reciben axuda directa.
- 2) Programas de Actividade Física: até o 17%.
- 3) Deporte para todos: até o 17%.
- 4) Deporte autóctono e na natureza: até o 5%.
- 5) Organización de actividades deportivas de carácter extraordinario: até o 25%.

Non obstante o anterior, a administración municipal quedará facultada para modificar a distribución dos niveis porcentuais indicados se como consecuencia das solicitudes presentadas existise un maior número

de proposicións económicas que se orientase en maior densidade a calquera das actividades deportivas encadradas nos cinco grupos sinalados co obxecto de establecer unha distribución económica máis equitativa e igualitaria.

6. Procedemento

A concesión das subvencións efectúase en réxime de concorrencia competitiva.

7. Requisitos de entidade beneficiaria

1. Poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións, clubs, federacións, fundacións e demais entidades sen ánimo de lucro, legalmente constituídas como tales e inscritas no rexistro correspondente, que poidan levar a cabo os proxectos, programas e/ou actividades definidos no obxecto desta subvención.

2. Así mesmo, son requisitos esixibles ás entidades beneficiarias, que deberán estar cumpridos con anterioridade á data da proposta de concesión da subvención, ademais dos previstos con carácter xeral no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, os seguintes:

a) Que teñan sede social ou delegación no termo municipal da Coruña. Terase en conta para determinar a sede social da entidade o domicilio que figure nos estatutos dela. De modificarse o domicilio social, deberá acreditarse a súa modificación no rexistro correspondente. No caso de existir delegación da entidade, esta deberá acreditarse mediante contrato ou documento de valor xurídico similar a nome da entidade na que conste que a súa utilización será para actividades da propia entidade.

b) Que carezan de fins de lucro e que, de acordo cos seus estatutos, teñan obxectivos e finalidades coincidentes co obxecto da subvención. O cumprimento deste requisito esixirá en todo caso estar constituído de conformidade coa normativa vixente e debidamente inscritos no correspondente Rexistro Administrativo.

c) Que a actividade ou o proxecto para a que se solicite a subvención sexa coincidente coa finalidade recollida na presente convocatoria.

d) Que xustificasen a subvención anteriormente outorgada polo Concello da Coruña, agás que aínda non transcorrese o correspondente prazo de xustificación.

e) Que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, o Concello e a Seguridade Social. Na solicitude de subvención o interesado autoriza o Concello para consultar que se cumpre este apartado. De non facelo, deberá a entidade interesada achegar as certificacións acreditativas oportunas. De conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello da Coruña, e sempre que tecnicamente sexa posible, solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e o propio Concello da Coruña, para verificar que se cumpre este apartado. Con todo, a persoa solicitante ou o seu representante poderán opoñerse expresamente á consulta ou á obtención da documentación sinalada, debendo neste caso, presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, achegando as certificacións acreditativas oportunas.

f) Se a actividade para a que se solicita a subvención ten como suxeito a menores de idade, deberá presentarse unha declaración responsable de que todo o persoal (incluído o voluntario) encargado de realizar tales actividades que impliquen contacto habitual con menores cumpre co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor (segundo redacción dada polo núm. 5 do artigo 13 introducido polo apartado oito do artigo primeiro da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia (BOE do 29 xullo), e no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado. A declaración responsable requirida estará incluída no propio formulario de solicitude, que será asinado polo presidente e o/a secretario/a da entidade.

g) Os demais contemplados na Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña e na Lei xeral de subvencións.

8. Límite máximo da subvención para cada actividade

8.1. O importe máximo susceptible de ser subvencionado polo Concello en cada actividade pode alcanzar até o 80% do custo total.

8.2. Para cada un dos tipos de actividades sinalados nos puntos do 1 ao 5 da base segunda, o importe máximo subvencionable para unha única entidade é de 4.000,00 €.

8.3. Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrancia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada pola entidade beneficiaria.

8.4. Esta subvención é incompatible con outras axudas municipais concedidas de modo directo, excepto para as entidades sinaladas no apartado 1.1. da base 2.

9. Órgano competente

O funcionario responsable da instrución do procedemento de concesión é o xefe de servizo de Deportes, e a resolución correspóndelle ao concelleiro delegado de Cultura, Deporte e Coñecemento por delegación da Xunta de Goberno Local.

10. Presentación de solicitudes

As solicitudes deberanse presentar no modelo establecido que se xunta na sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gob.es>) ou no Rexistro Xeral de Entrada do Concello con destino ao servizo de Deportes, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de se publicar un extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes.

Tamén poderán presentarse por calquera dos medios regulados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

11. Documentación

1. A solicitude, que deberá de presentarse no modelo establecido que se xunta, asinada pola secretaría e co visto e prace da presidencia da entidade. Deberán estar marcados os recadros e autorizacións de:

a) Número no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC). No suposto de non estar debidamente inscritos en REMAC, deberá de achegar a seguinte documentación relativa á entidade e o seu representante:

1. Estatutos polos que se rexe a entidade e NIF (fotocopia compulsada).
2. Certificación acreditativa dos cargos representativos e do domicilio social.
3. Fotocopia compulsada do NIF do representante legal da entidade.
4. Certificación dos datos bancarios da entidade (orixinal expedido pola entidade bancaria).

b) Correo electrónico para notificacións electrónicas, comunicacións de trámite e requirimento de documentación.

c) No caso de opoñerse expresamente á consulta ou obtención polo Concello da Coruña de certificados acreditativos de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria (AEAT), Axencia Tributaria de Galicia, o Concello e fronte á Seguridade Social, o solicitante

deberá presentar os certificados acreditativos de acharse ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria (AEAT), Axencia Tributaria de Galicia, o Concello da Coruña e ao corrente nas súas obrigas fronte á Seguridade Social.

d) Certificado das subvencións solicitadas e as que lle foron concedidas para a mesma actividade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional

e) Declaración responsable de non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición a que se refire o artigo 13 da Lei xeral de subvencións

f) Declaración responsable do compromiso de que todo o persoal dedicado á realización das actividades que impliquen contacto habitual con menores cumpre o requisito previsto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor (segundo a redacción dada polo núm. 5 do artigo 13 introducido polo apartado oito do artigo primeiro da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia (BOE do 29 xullo) e no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.

g) Compromiso de xustificar a subvención concedida no prazo establecido.

2. Certificación acreditativa dos cargos representativos, finalidade e do domicilio social da entidade.
3. Memoria explicativa da actividade, coas especificacións que se detallan no modelo do anexo 1.
4. Orzamento de ingresos e de gastos da actividade, con expresión do financiamento previsto e a nivel de detalle que permita comprobar que **todos os conceptos de gasto son subvencionables**, segundo o modelo anexo 2..
5. Certificación dos datos bancarios do solicitante, con correspondencia exacta cos datos achegados polo interesado no que respecta ao nome ou denominación social, NIF e o número de conta bancaria (en formato IBAN).
6. Certificado das subvencións solicitadas e as que lle foron concedidas para a mesma actividade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional
6. Declaración sobre a previsión de contratación para a execución da actividade ou proxecto, ou actuación solicitada, de persoas ou entidades vinculadas coa entidade solicitante, ao cubrir o apartado reservado para tal fin na solicitude da subvención.
7. Calquera outra documentación que a entidade ou agrupación solicitante entenda que é pertinente para unha mellor valoración da solicitude ou para maior detalle da descrición da actividade ou do proxecto, ou da actuación solicitada, mediante a presentación dunha memoria complementaria para os efectos de ampliar a información requirida.

No caso de que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano do Concello da Coruña, a entidade solicitante poderá acollerse ao establecido no parágrafo 1 apartado d) do artigo 53 da Lei 39/2015, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, no seu caso, emitido, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

No suposto de imposibilidade material de obter algún dos documentos, o órgano competente poderá requirirille á entidade solicitante ou o seu representante, a presentación do devandito documento ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire, coa anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Os documentos normalizados sinalados como "anexos" nesta convocatoria poderán ser ampliados polas entidades solicitantes achegando a documentación que consideren oportuna para a mellor valoración das súas solicitudes.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao órgano que se indica na base 9.

O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións estimar necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

De acordo co establecido no artigo 24.3 da Lei xeral de subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:

- a) Petición de cantos informes estimar necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.
- b) Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuada conforme cos criterios, as formas e as prioridades de valoración establecidos na base 12 seguinte.

Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instructor requiriralle á entidade para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles. No requirimento, indícaráselle que, se non o fixese, teráselle por desistida da súa solicitude, logo da resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade ou agrupación solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, e comprobación da solicitude presentada.

Unha vez avaliadas as solicitudes, a Mesa de Avaliación deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. A continuación, o órgano instructor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada.

12. Criterios de valoración e de determinación da contía da subvención

Os criterios de valoración das solicitudes serán os seguintes:

Actividades do tipo 1

- a. Relevancia da modalidade e nivel da competición na que participan os equipos (art. 18 da Lei do deporte, que deberán ser: locais, provinciais, interprovinciais, autonómicas, estatais ou internacionais): até 75 puntos.
- b. Número de licenzas: até 15 puntos. Asignáseselle unha puntuación inicial resultante de aplicar a seguinte táboa:

	Puntuación por licenza
Caza e pesca	1 punto polas 150 primeiras licenzas e medio punto polas que superen a cifra
Deportes autóctonos, chave, remo	4 puntos por licenza
Resto de deportes	1 punto por licenza

En caso de deportistas femininas. multiplicarase por dúas o valor da licenza. E se pertencen a deportistas, indistintamente de ambos os sexos, até categoría xuvenil inclusive, multiplicarase por dúas. Aclárase que ambas as opcións son acumulativas.

Adxudicaráselle os 15 puntos á entidade solicitante que obtivese o maior número de puntos, segundo os criterios anteditos e o resto levarán a puntuación proporcional. Computaranse só as licenzas correspondentes a esa competición.

- c. Número de equipos até categoría xuvenil: até 15 puntos.

d. Número e cualificación dos técnicos deportivos titulados do club, dividido polo número de licenzas: até 15 puntos.

e. Pola participación da entidade promotora na organización de eventos dentro dos diferentes programas municipais (Festas do Rosario, Teresa Herrera, Cidade da Coruña, Xogos Escolares, Día do Deporte na Rúa, programa de animación durante as grandes carreiras populares...) nos últimos 3 anos: até 15 puntos

Actividades do tipo 2, 3 e 4

a. Proxecto da actividade programada (descrición, estrutura, formulación e desenvolvemento): até 30 puntos.

b. Incidencia no ámbito de aplicación (número de participantes, categorías, etc.): até 20 puntos.

c. Grao de interese xeral ou sectorial da actividade, e coordinación e complementariedade cos programas municipais: até 10 puntos.

d. Actividades que xa se realizaron en anteriores edicións (deberán achegar memoria): até 10 puntos.

e. Pola participación da entidade solicitante promotora na organización de eventos dentro dos diferentes programas municipais (Festas do Rosario, Teresa Herrera, Cidade da Coruña, Xogos Escolares, Día do Deporte na Rúa, programa de animación durante as grandes carreiras populares...) nos últimos 3 anos: até 15 puntos

f. Especialidades e modalidades deportivas recoñecidas polo Consello Superior de Deportes e polo goberno autonómico galego. Aplicaranse os seguintes factores de corrección:

i. Non recoñecidas x 0,75

ii. Recoñecidas x 1,00

g. No caso de actividades vinculadas coa natureza, deberá reunir o seguinte requisito: desenvolverse nun espazo ou con participantes de relevancia nacional ou internacional.

Actividades do tipo 5

a. Proxecto técnico (descrición, estrutura, formulación e desenvolvemento): até 15 puntos.

b. Duración do evento: até 10 puntos.

c. Número de participantes: até 10 puntos.

d. Ámbito de aplicación (locais, provinciais, interprovinciais, autonómicas, estatais e internacionais, sempre que no evento participen polo menos 3 países): até 10 puntos

e. Nivel do evento (polo nivel dos deportistas ou polo da proba recoñecida polas federacións correspondentes): até 10 puntos.

f. Presenza do deporte base no desenvolvemento do evento: até 15 puntos.

g. Eventos que xa se realizaron en anteriores edicións (deberán achegar memoria): até 10 puntos.

h. Organización de eventos dentro dos diferentes programas municipais (Festas do Rosario, Teresa Herrera, Cidade da Coruña, Xogos Escolares, Día do Deporte na Rúa, programa de animación durante as grandes carreiras populares...) nos últimos 3 anos: até 10 puntos

i. Especialidades e modalidades deportivas recoñecidas polo consello superior de Deportes e polo goberno autonómico galego. Aplicaranse os seguintes factores de corrección:

i. Non recoñecidas x 0.75

ii. Recoñecidas x 1,00

A repartición das subvencións farase até esgotar o crédito dispoñible e a contía resultante para cada actividade ou proxecto virá determinada pola seguinte fórmula:

Contía da subvención = puntos obtidos na actividade ou proxecto x valor punto

Cálculo do valor de cada punto:

Valor punto = orzamento total da subvención para distribuír/total de puntos obtidos por todas as solicitudes

En ningún caso a contía da subvención poderá superar o máximo subvencionable previsto na actual convocatoria.

Se a asignación a unha actividade ou proxecto resultase superior á cantidade solicitada, a diferenza entre estas poderase redistribuír entre as actividades ou proxectos cuxa cantidade asignada sexa inferior á solicitada.

A redistribución das diferenzas producidas por este motivo realizarase seguindo o mesmo procedemento, participando unicamente os proxectos cuxa cantidade asignada sexa inferior á solicitada ou ao tope establecido nas presentes bases.

Todas as operacións expresaranse en números con dous decimais, exceptuándose a asignación final que se redondeará a enteiros.

No suposto de esgotar o crédito dispoñible, o resto das solicitudes consideradas subvencionables quedarán en reserva para ser atendidas en caso de se producir algunha renuncia ou de se producir un incremento do crédito inicialmente dispoñible. Para estes efectos, poderanse realizar sucesivas propostas de resolución.

13. Prazo de resolución

O defecto, erro ou ausencia na presentación de documentación deberá ser corrixido no prazo de dez días desde a recepción da notificación, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistida da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015.

O prazo máximo de resolución e de notificación da concesión das subvencións é de seis meses, contado a partir da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O período utilizado para a corrección de deficiencias e/ou achega de documentos interromperá o citado prazo, ao abeiro do artigo 22.1 da Lei 39/2015.

No caso de vencemento do prazo sen notificarse a resolución deberán entenderse desestimadas as solicitudes.

14. Mesa de avaliación

As solicitudes presentadas serán avaliadas por unha mesa de avaliación que nomeará o concelleiro delegado de Cultura, Deporte e Coñecemento e que estará composta por:

Presidente/a: un/unha funcionario/a municipal pertencente ao subgrupo A1 e adscrito/a ao Servizo de Deportes.

Vogais: dous ou dúas técnicas municipais pertencentes ao subgrupo A1/A2 e adscritos/as ao Servizo de Deportes.

Secretaria/o: un ou unha funcionaria de carreira pertencente ao subgrupo A1, A2, C1 ou C2 e adscrito/a ao Servizo de Deportes.

No caso de ausencia dalgunha das persoas que integran a Mesa de Avaliación, serán substituídas polas persoas funcionarias designadas pola concellaría delegada de Deportes.

A Mesa de Avaliación, a través do órgano instrutor, poderá requirirle a quen solicite a subvención a información ou a documentación adicional aclaratoria que, ao non estar en poder da administración municipal, teña fundamental relevancia e relación directa para unha mellor valoración das solicitudes.

15. Notificación da proposta de resolución provisional e proposta de resolución definitiva

1. A proposta de resolución provisional notificaráselle ás entidades interesadas mediante un anuncio público no taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>) e na páxina web municipal (www.coruna.es/deportes) na data seguinte á da súa aprobación polo órgano competente. Concederáse un prazo de dez días naturais para presentar alegacións. Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polas entidades interesadas. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

2. Logo de se examinaren as alegacións aducidas, formularase a proposta de resolución definitiva polo órgano instrutor, que deberá expresar a solicitante ou relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectual. O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que, da información que obra no seu poder se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.

A proposta de resolución definitiva notificaráselles ás entidades interesadas que fosen propostas como beneficiarias, para que no prazo de dez días lle comuniquen a súa aceptación ao servizo de Deportes. Transcorrido este prazo sen producirse a aceptación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada.

De conformidade co disposto polo artigo 45.1 da Lei 39/2015, a publicación nos medios indicados substituirá a notificación fornecendo para os mesmos efectos.

3. As propostas de resolución provisional e definitiva non crean ningún dereito a favor da entidade beneficiaria proposta fronte á administración, mentres non se lle notificou a resolución da concesión.

16. Resolución

O acordo de resolución da convocatoria incluírá unha relación ordenada de todas as solicitudes que, aínda que cumpren as condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de entidade beneficiaria, non sexan estimadas por pasarse a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, con indicación da puntuación outorgada a cada unha delas en función dos criterios de valoración previstos nela e o **coeficiente de financiamento do orzamento subvencionado para xustificar**. O devandito coeficiente defínese como a cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do orzamento de gastos presentados pola entidade, sendo o orzamento subvencionado para xustificar o resultante de dividir a subvención concedida polo coeficiente de financiamento.

No caso de que unha entidade beneficiaria obtivese unha subvención ou patrocinio con posterioridade á resolución para a actividade obxecto dela, quedará obrigada a incrementar o importe do orzamento subvencionado para xustificar polo mesmo importe que o obtido con esa nova subvención ou patrocinio. E o novo coeficiente de financiamento para os efectos de cálculos de posibles reintegros estará definido como o cociente de dividir o novo importe do orzamento subvencionado e a subvención municipal recoñecida ao abeiro da presente convocatoria.

Se se renunciase á subvención por algunha das entidades beneficiarias, o órgano concedente acordará, sen necesidade de nova convocatoria, a concesión de subvención ao solicitante ou solicitantes seguintes a aquel en orde de puntuación, sempre que coas renuncias existentes se liberase crédito suficiente

A resolución do procedemento notificaráselles ás interesadas de acordo co previsto no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, de tal maneira que, conforme ao disposto no artigo 45.1 b) a notificación poderá ser substituída pola publicación no BOP ao tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, fornecendo os mesmos efectos.

O prazo máximo de resolución e de notificación/publicación da concesión das subvencións é de seis meses, contados a partir da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O período utilizado para a corrección de deficiencias e achega de documentos interromperá devandito prazo, ao abeiro do artigo 22.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O vencemento do devandito prazo máximo sen notificar/publicar a resolución, lexítima as entidades interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da subvención.

A concesión de subvención non xera ningún dereito á percepción dela en futuras convocatorias.

A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa e contra a devandita resolución caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Con todo, as entidades interesadas poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes. Nese caso, o prazo para presentar o recurso contencioso administrativo comezará a contar desde a notificación da resolución expresa do recurso. No caso de desestimación presunta, que se producirá se no prazo dun mes non se resolveu o recurso de reposición interposto (art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), a interposición do recurso contencioso-administrativo non se suxeita a prazo de caducidade (Sentenza do Pleno do TC STC 52/2014, do 10 de abril).

17. Pagamento das subvencións

De acordo co establecido no artigo 34 da Lei xeral de subvencións e no artigo 38 da Ordenanza xeral de subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña, o pagamento da subvención concedida realizarase logo de que a entidade beneficiaria xustifique a realización da/s actividades ou do/s proxecto/s para o que se concedeu a subvención nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención. Todo iso de acordo coas seguintes condicións:

1. Dadas as características das destinatarias das subvencións, a contía delas así como a natureza das iniciativas que son obxecto de subvención, poderá acordarse o pagamento anticipado da subvención outorgada, que suporá entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.
2. **O pagamento anticipado tramitarase** a instancia da entidade beneficiaria polo órgano instrutor. Neste caso deberá de constituírse unha garantía do 10% do importe total da subvención, que poderá realizarse mediante a retención do pagamento polo Concello da devandita porcentaxe. Unha vez efectuada a debida xustificación e non existindo a responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, devolverase a cantidade retida en concepto de garantía.
3. En todo caso, para poder solicitar pagamentos anticipados, deberá acreditar que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, o Concello e a Seguridade Social.
4. O pagamento realizarase mediante ingreso na conta indicada pola entidade beneficiaria.

18. Obrigas das entidades beneficiarias

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei xeral de subvencións e no artigo 34 da Ordenanza xeral de Subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña, as entidades beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria estarán obrigadas ao seguinte:

- a) Cumprir a finalidade e os obxectivos, executar o proxecto, realizar a/s actividade/s ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Empregar os fondos percibidos nos fins e na finalidade para os que foron outorgados.
- c) Xustificar debidamente a cantidade percibida.
- d) Comunicar por escrito e motivadamente no prazo máximo dun mes desde a notificación/publicación da concesión da subvención calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos seus obxectivos, para a súa aprobación.
- e) Establecer e, no seu caso, manter as medidas de coordinación necesarias co servizo municipal xestor e instrutor do expediente para que o proxecto se desenvolva correctamente.
- f) Proporcionarlle ao servizo xestor e instrutor do expediente a información funcional, económica e estatística que se lle requira para os efectos de seguir, avaliar e planificar, así como facilitar a realización de cantas visitas de recoñecemento se consideren necesarias.

- g) Facilitarlle a verificación da realización e da xestión do proxecto, da actuación ou da actividade obxecto de subvención a calquera responsable da xestión e/ou da instrución do procedemento a través dos medios que se consideren máis axeitados.
- h) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- i) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e de control.
- j) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
- k) Facer constar explicitamente en todo tipo de publicidade e información relativa ás actividades ou proxectos subvencionados que leven difusión ou publicación (dípticos, carteis, impresos, anuncios, placas conmemorativas, soportes electrónicos e audiovisuais etc.) o logotipo do Concello da Coruña -segundo as especificacións de imaxe corporativa que figuran na web do Concello- en idénticas condicións de visibilidade que o resto de logotipos e sinalar a colaboración do Concello no seu financiamento. En todo caso, nos espazos que utilice a entidade e nos lugares de realización das actividades, informarase do financiamento público do Concello a través dun cartel tamaño mínimo A3 nun lugar destacado e visible. Tamén se informará na páxina web, no caso de dispor dela.
- l) Utilizar no exercicio das súas actividades unha linguaxe non sexista, unha comunicación inclusiva e non empregar a imaxe das mulleres como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou denigratorio, segundo o que dispón o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia sobre Igualdade.
- m) Os demais deberes impostos pola Ordenanza xeral de subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña, pola Lei xeral de subvencións e polas demais normas reguladoras da materia.

19. Xustificación da subvención

19.1. Prazo

Un mes contado a partir do remate do prazo para realizar a actividade, e no caso de actividades finalizadas con anterioridade á recepción da notificación da resolución definitiva de concesión, o prazo dun mes contarase a partir do día seguinte ao da recepción desta notificación ou a súa publicación. Por iso, **o prazo máximo para a admisión de xustificacións finaliza o 31 de xaneiro de 2019**, agás que non transcorrese un mes, nese caso estarase á data resultante que garanta a disposición do devandito prazo.

De acordo co establecido no artigo 70.3 do Regulamento xeral de Subvencións, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse a mesma ante o órgano administrativo competente, este requirirá a entidade beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada para os efectos previstos. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións.

19.2. Forma

19.2.1. Esta subvención de concorrencia competitiva está recollida no Orzamento Xeral en vigor e os importes que se van adxudicar van ser inferiores a 60.000 euros. Por tanto, sobre a base do artigo 75 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establécese a conta xustificativa simplificada como a forma de xustificación.

19.2.2. As entidades beneficiarias da subvención virán obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas na aplicación dos fondos recibidos. A documentación acreditativa da xustificación da subvención deberá presentarse na sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gob.es>) ou no Rexistro Xeral de Entrada do Concello con destino

ao servizo de Deportes, no prazo dun mes contado a partir da finalización do prazo para a realización da actividade ou do proxecto obxecto de subvención concedida, e no caso de actividades ou proxectos finalizados con anterioridade á recepción da notificación/publicación da resolución definitiva de concesión, o prazo dun mes contarase a partir do día seguinte ao da recepción desta notificación/publicación.

O importe da subvención está vinculado ao orzamento subvencionado da actividade e, en ningún caso, poderá ser superior ao seu déficit. A beneficiaria xustificará que realizou a actividade de que se trate nos termos da memoria presentada.

Haberá de xustificarse a totalidade do orzamento subvencionado aprobado na resolución declarativa da subvención, o cal será o resultante de dividir o importe da subvención concedida polo coeficiente de financiamento.

Cando o importe xustificado sexa inferior ao orzamento subvencionado dará lugar en todo caso a unha redución da cantidade concedida, até o límite do 50% do total. O cálculo da redución acharase como a diferenza que hai entre a subvención recoñecida e a subvención xustificada. O importe desta última obterase do resultado de multiplicar o coeficiente de financiamento polo orzamento da actividade finalmente xustificada. No caso de que se xustificase un gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non será pagada ningunha cantidade ou, no seu caso, solicitarase o reintegro total da subvención xa pagada.

19.2.3. De non producirse unha adecuada xustificación, poderá dar lugar á perda do dereito ao cobro total cando a Mesa de Avaliación non considere alcanzados os obxectivos propostos na actividade ou parcial da subvención no resto dos casos.

19.2.4. O Concello da Coruña resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, a entidade beneficiaria quedará obrigada a facilitar tanta información lle sexa requirida polo Servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas. Esta información poderá referirse á documentación que inclúa datos de carácter persoal de terceiras persoas.

19.2.5. O grao de execución e de xustificación das actividades ou dos proxectos poderá ser considerado entre os criterios de valoración en futuras convocatorias.

19.3. Documentación da conta xustificativa simplificada a presentar

1. Impreso de presentación de solicitude de xustificación.

Xustificación de desviacións do balance con respecto ao orzamento aprobado para comprobar a medida en que se axustou o balance ao devandito orzamento. Neste sentido, o importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade aprobado e en ningún caso poderá ser superior ao déficit dela.

2. Memoria que acredite que a actividade foi realizada nas condicións impostas na concesión da subvención con indicación dos resultados obtidos e o grao de cumprimento de obxectivos. A entidade beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade nos termos cualitativos da memoria inicial presentada e coas necesarias adaptacións motivadas e proporcionadas ao orzamento subvencionado se resultase inferior ao inicialmente exposto pola entidade (anexo X1).

3. Balance de ingresos e de gastos realizados con motivo da actividade subvencionada, de maneira que se poida comprobar que se axustou ao orzamento aprobado na resolución de concesión da subvención, incluíndo as desviacións orzamentarias (anexo X2).

4. Relación clasificada e detallada dos gastos da actividade correspondentes ao orzamento subvencionado para xustificar con indicación do acredor (nome completo sen abreviaturas), NIF, núm. documento xustificativo (na súa totalidade), data de emisión, importe, concepto (o máis detallado posible) e data de pagamento (anexo X3).

5. Certificado da secretaría da entidade, co visto e prace da presidencia, en que se desagregue por tipo de gasto, o importe total dos gastos xerais da entidade, no caso de que se imputen

gastos xerais ou indirectos a unha actividade concreta, e certificación acerca das subvencións e demais ingresos xerados con motivo da actividade subvencionada con independencia do seu reflexo no balance (anexo X4).

6. No seu caso, carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos intereses que deles se deriven.

7. Os xustificantes de gasto e de pagamento que só lle sexan expresamente requiridos correspondentes ao orzamento subvencionado para xustificar e cos requisitos que establece esta convocatoria. Para tales efectos, e logo da aplicación dos criterios de selección de mostraxe previstos nas presentes bases, notificaráselle a relación dos xustificantes indicados na conta xustificativa que deben ser achegados.

8. Mostraxe de xustificantes

Comprobarase, a través dos criterios de mostraxe que se indicarán de seguido, os xustificantes que estime oportunos e que permitan obter unha evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención, a cuxo fin se poderá requirir á entidade beneficiaria, no prazo máximo de catro anos a contar desde a finalización da presentación da conta xustificativa, a achega dos todos os xustificantes dos gastos e os correspondentes pagamentos nos termos que se indican de seguido.

9. Criterios de mostraxe

Comprobaranse todos os xustificantes que superen individualmente o 25 por 100 do importe **imputado** da subvención concedida.

Do resto dos xustificantes, comprobarase unha mostra de elementos que, polo menos, supoña a seguinte porcentaxe respecto do número de elementos da relación da mostraxe:

- 1.º Se o número de xustificantes fose inferior ou igual a dez: 100 por 100.
- 2.º Se o número de xustificantes fose superior a dez e inferior ou igual a vinte: 50 por 100.
- 3.º Se o número de xustificantes fose superior a vinte e inferior ou igual a cincuenta: 30 por 100.
- 4.º Se o número de xustificantes fose superior a cincuenta e inferior ou igual a cen: 20 por 100.
- 5.º Se o número de xustificantes fose superior a cen: 10 por 100.

Para garantir a aleatoriedade na selección da mostra, aplicarase o seguinte procedemento de selección:

- **Os xustificantes que van ser obxecto da mostraxe** serán os que conforman a relación presentada pola entidade beneficiaria menos os que, por razón do seu importe, vaian ser obxecto de comprobación directa.
- **Numeraranse sucesivamente** os xustificantes, que van ser obxecto de mostraxe, conforme á orde da relación clasificada de gastos achegada pola entidade beneficiaria na conta xustificativa
- Determinarase o **volume de xustificantes que conformarán a mostra para seleccionar** conforme ao indicado anteriormente. Ou sexa, aplicando a porcentaxe que corresponda en función do número que compoñen os xustificantes obxecto de mostraxe
- Obterase o **cociente resultante** de dividir o número de elementos que conforman a **relación da mostraxe** entre o número de elementos da mostra, redondeando os decimais ao número enteiro máis próximo.

- **Seleccionarase aleatoriamente o primeiro xustificante da mostra** do seguinte modo:

O número de orde do xustificante que se debe seleccionar coincidirá co resultado de sumarlle ao cociente, calculado anteriormente, o número do primeiro dígito da dereita que conste na data do asento rexistral da presentación da conta xustificativa (o correspondente ao n.º dos segundos).

- **Os restantes elementos da mostra determinaranse** aplicando unha progresión aritmética de razón igual ao cociente calculado. Se finalizase a selección de documentos e non se chegase ao número de documentos sinalados na mostra, sería necesario continuar contando a partir do último documento seleccionado e continuar polo principio da listaxe até alcanzar o número que corresponda. Se este coincidise con algún dos xa seleccionados, escolleríase o seguinte.

- No caso de que algún dos xustificantes seleccionados presentase algunha irregularidade que impida obter a evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención, deberá a persoa beneficiaria presentar todos os xustificantes de gasto co fin de que se poida avaliar o alcance do incumprimento e en consecuencia o cálculo de importe da subvención que se debe reintegrar no seu caso.

19.4. Requisitos dos xustificantes de gasto

Para tales efectos, deberase ter en conta sobre a xustificación do gasto as seguintes condicións:

19.4.1. Xustificarse preferentemente con facturas, aínda que se poden admitir outros documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. As facturas e os documentos xustificativos de valor equivalente deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento. No caso de presentar fotocopias para dar cumprimento ao art. 73 do Regulamento de LXS, antes de facer a fotocopia deberá estenderse no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do servizo de Deportes deste Concello, dos gastos realizados no exercicio da actividade. No caso de facturas emitidas por persoas físicas por servizos profesionais, a entidade beneficiaria está obrigada á retención do IRPF, nos límites e excepcións que establece a Lei e o Regulamento do imposto ou, no seu caso, debendo acreditarse o ingreso na Axencia Tributaria cos modelos 111 (trimestral) e 190 (resumo anual).

19.4.2. No caso da subvención outorgada teña como destino o pagamento de persoas físicas que presten servizos retribuídos, o pagamento de premios ou o pagamento de axudas de custo, a entidade beneficiaria está obrigada á retención do (IRPF), nos límites e excepcións que establece a Lei e o Regulamento do imposto ou no seu caso, as disposicións regulamentarias en vigor, debendo acreditarse o ingreso na Axencia Tributaria cos modelos 111 e 190.

19.4.3. No caso de imputarse gastos de persoal, nóminas, serán obrigatorios os documentos RLC (Relación de Liquidación de Cotizacións) e RNT (Relación Nominal de Traballadores) – antigos TC1 e TC2- debidamente validados. O RLC deberá estar selado pola oficina recadadora e/ou ir acompañado de xustificante bancario, aínda no caso de que non se imputen custos de Seguridade Social. O modelo RNT deberá ir asinado pola persoa autorizada en caso de confeccionarse telematicamente polo Sistema REDE. O modelo 111 e o modelo 190 acreditativo do pagamento á Axencia Tributaria das retencións practicadas a traballadores suxeitos ao IRPF.

19.4.4. Os 3 orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei xeral de subvencións debe solicitar a entidade beneficiaria cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 15.000 euros no caso de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos.

19.5. Acreditación do pagamento efectivo de cada un dos gastos

No que se refire á xustificación dos pagamentos, deberase ter en conta o seguinte:

19.5.1. Só se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

19.5.2. Os documentos de gasto deben acompañarse dos documentos bancarios ou contables que acrediten a efectividade do pagamento. Non se aceptarán aqueles documentos de pagamento que, aínda sendo conformes cos requisitos formais que se expoñen máis adiante, non permitan identificar claramente o gasto da finalidade desta subvención.

19.5.3. Admitiranse pagamentos en efectivo por importes de até 500 euros. No caso de que o pagamento dun servizo estea fraccionado en varios pagamentos, o límite de 500 euros entenderase para o conxunto dos pagamentos correspondentes ao servizo. Deberá achegarse un recibo no que conste que ao emisor lle foi satisfeito o importe, con identificación da factura á que corresponde, ou ben que no propio xustificante de gasto o emisor acredite responsablemente cun NIF e unha sinatura que recibiu o importe e a data en que o recibiu.

19.5.4. En consecuencia, para acreditar a realización do pagamento de gastos superiores á citada cantidade, o sistema será a transferencia bancaria ou a domiciliación bancaria dos gastos, debendo acompañarse á factura o xustificante de pagamento bancario (cartilla, extracto bancario, debe ou movemento bancario). Se o pagamento se realizase mediante talón ou cheque, deberá achegarse ademais un fotocopia del e igualmente un extracto ou movemento bancario que acredite que o destinatario o fixo efectivo.

19.5.5. Todos os pagamentos relacionados coa finalidade desta subvención, estímase aconsellable que se realicen “preferentemente” desde unha única conta bancaria da entidade, non podendo subvencionarse pagamentos realizados con cargo a contas cuxo titular non sexa a entidade.

19.5.6. Tamén se considerará efectivamente pagado o gasto, coa cesión de crédito do dereito de cobro da subvención a favor dos acredores por razón do gasto realizado ou coa entrega aos mesmos dun efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.

20. Perda do dereito ao cobro

1. Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención concedida no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións e o artigo 45 da Ordenanza xeral de subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña. Nos casos en que proceda, aplicarase o reintegro parcial, a porcentaxe de incumprimento que se establece no artigo 46 da anterior Ordenanza.

2. O Concello da Coruña obrigará ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e á esixencia do interese legal do diñeiro que resulte da aplicación desde o momento do pagamento da subvención até a data de reintegro, nos seguintes supostos:

a) Incumprimento total ou parcial dos obxectivos, da actividade ou do proxecto, ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

b) Incumprimento total ou parcial do deber de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 30 da Lei xeral de subvencións.

c) En caso de xustificar fóra do prazo, e tras o requirimento efectuado de acordo co sinalado no artigo 70.3 do Regulamento xeral de subvencións.

d) Incumprimento do deber de adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 18.4 da Lei xeral de subvencións.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e de control financeira previstas nos artigos 14 e 15 da Lei xeral de subvencións, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, nos termos que se establecen no artigo 45.5º da Ordenanza xeral de subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña.

f) Incumprimento dos deberes establecidos con motivo da concesión da subvención.

g) Calquera outra causa das previstas nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, nos artigos 74 a 76 do Regulamento xeral para a aplicación da citada lei e no artigo 45 da Ordenanza xeral de subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña.

3. Así mesmo reintegrarase, nos termos indicados no parágrafo segundo da base 16, o exceso de financiamento nos supostos en que, por concesión de subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, a contía das subvencións ou axudas non se empregou para incrementar o importe subvencionable da actividade.

4. O procedemento para o reintegro será o establecido polos artigos 41 e 42 da Lei xeral de subvencións e 91 e seguintes do Regulamento xeral de subvencións.

Disposición adicional primeira

Con carácter xeral, e deixando a salvo as excepcións onde se esixan expresamente orixinais, admitiranse fotocopias sempre que veñan debidamente compulsadas por:

- Notario
- Rexistro Xeral do Concello da Coruña
- O departamento municipal no que obren os documentos orixinais
- Os organismos públicos a que se refire o artigo 16.5 en relación co artigo 16.4 da Lei 39/2015.

Disposición adicional segunda

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello da Coruña para o exercicio 2018, na Ordenanza xeral de subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña, na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Disposicións finais

Primeira. Información ás entidades ou agrupacións interesadas

Sobre o procedemento administrativo correspondente a esta convocatoria, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gob.es>) e no Servizo Municipal de Deportes de forma presencial, cuxas oficinas están situadas no Pazo dos Deportes de Riazor, ou no teléfono 981 189 800, a través da páxina web oficial municipal (<http://www.coruna.gal/deportes>) e/ou no enderezo electrónico deportes@coruna.es.

Todas as operacións aritméticas que se realicen na instrución dos expedientes que dea lugar á presente convocatoria redondearanse sempre a dous decimais, agás previsión expresa no contrario.

Segunda. Protección de datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria de subvencións, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento, sendo o seu órgano responsable o Concello da Coruña.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Concello da Coruña, nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da citada lei, a través da sede electrónica do Concello da Coruña

Terceira. Publicidade das subvencións no Portal da Transparencia

AREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes
Asunto: Convocatoria subvencións 2018
Referencia: 211/2018/50001

De conformidade co artigo 8.1 c) da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e entidades beneficiarias será obxecto de publicación no Portal da Transparencia do Concello da Coruña <http://www.coruna.gal/transparencia/es/claridad-en-a-gestion/subvencions-e-axudas>.
